



Probas para a obtención de títulos

Probas para a obtención de títulos

Título de graduado en educación secundaria

Quen se pode presentar?

Todas as persoas que teñan cumpridos 18 anos o día anterior ao da celebración da proba.

Cando se celebran as probas?

O 27 de abril e o 13 de setembro de 2012.

Cal é o período de inscrición?

Para a convocatoria de setembro, a matrícula está aberta o 3 e o 4 de setembro.

Onde se pode presentar a matrícula?

En 12 centros educativos das catro provincias galegas. Pode atopar máis información na ligazón <http://www.edu.xunta.es/web/node/1238>.

Como está organizada a proba?

A proba consta de tres exames:

- Ámbito científico-tecnolóxico: abrangue contidos de matemáticas, de ciencias da natureza e de tecnoloxía.
- Ámbito social: inclúe contidos de ciencias sociais, xeografía e historia, de música e de educación plástica e visual.
- Ámbito lingüístico: abrangue contidos de lingua galega, de lingua castelá e dunha lingua estranxeira (inglés ou francés).

Os exames son de resposta pechada (tipo test) e haberá unha redacción en lingua galega e outra en lingua castelá.

Título de bacharelato

Quen se pode presentar?

Todas as persoas que teñan cumpridos 20 anos no ano natural en que se realice a proba.

Cando se celebra a proba?

Está previsto que teña lugar ao longo do mes de outubro de 2012.

Como está organizada a proba?

Consta de dous exercicios:

- 1. Exercicio de materias comúns:
 - a) Primeira parte: lingua galega e literatura.
 - b) Segunda parte: lingua castelá e literatura.
 - c) Terceira parte: lingua estranxeira.
 - d) Cuarta parte: cuestións das materias de ciencias para o mundo contemporáneo, de filosofía e cidadanía, de historia da filosofía e de historia de España.
- 2. Exercicio de seis materias de modalidade.

Para superar cada exercicio cumprirá obter unha cualificación igual ou superior a 5 e, polo menos, un 4 en cada unha das súas partes.

Máis información

- educadultos@edu.xunta.es
- Teléfono: 981 546 549
- www.edu.xunta.es/web/node/1238



ENSINANZAS DE
PERSONAS ADULTAS